



OS CERTAMES GALEGOS DE POESÍA

Unha análise de como contribúen
a dinamizar a literatura no s. XXI

OS CERTAMES GALEGOS DE POESÍA
Unha análise de como contribúen a dinamizar a literatura no s. XXI

Estudo coordinado por
Carlos Lorenzo Pérez

Recollida e procesamento de datos por
BENCURIOSA

Xornada “Os certames de poesía como motores dunha literatura propia”
DEPUTACIÓN DA CORUÑA
Xuño 2022

1. PRESENTACIÓN	4
2. DESCRICIÓN DOS TRABALLOS REALIZADOS	5
3. DATOS BÁSICOS DOS CERTAMES	7
3.1 Edicións realizadas	7
3.1.a Lista (táboa) de certames ordeados por antigüidade	7
3.1.b Gráfica de certames ordeados por antigüidade	8
3.1.c Resultados agrupados en tramos de 10 anos (táboa)	9
3.1.d Resultados agrupados en tramos de 10 anos (gráfica)	9
3.2 Destinatarios (quen pode participar nos certames)	10
3.3 Número de versos solicitados	11
3.3.a Datos agrupados (gráfica e táboa)	11
3.3.b Lista de certames ordeados por nº de versos solicitados (táboa)	12
3.4 Obras presentadas	13
3.4.a Lista de certames ordeados por nº de obras presentadas	13
3.4.b Resultados agrupados en tramos de 30 (gráfica)	14
3.4.c Resultados agrupados en tramos de 30 (táboa)	14
3.5 Prazo de presentación das obras	15
3.6 Actividades relacionadas co certame	15
3.6.a Resultados (táboa)	16
3.6.b Resultados combinados (táboa)	16
4. ORGANIZACIÓN	18
4.1 Tipo de entidade que convoca	18
4.2 Perfil da persoa organizadora	19
4.3 Patrocinios	20
4.4 Subvencións	20
4.4.1 Entidade que concede a subvención	21
4.4.2 Destino da subvención	21
4.4.3 Peso da subvención no orzamento	22
5. PREMIOS	24
5.1 Tipo de premio	24
5.2 Cantidade de premios que se reparten	25
5.3 Contía dos premios	26
5.3.a Lista de certames ordeados por contía do premio principal (táboa)	26
5.3.b Resultados agrupados en tramos de mil (gráfica)	27
5.3.c Resultados agrupados en tramos de mil (táboa)	27

6. OBXECTIVOS E AVALIACIÓN	29
6.1 Obxectivos principais	29
6.2 Uso de sistemas de avaliación	30
6.3 Tipos de sistemas de avaliación	30
6.4 Satisfacción con relación aos obxectivos	31
6.5 Aspectos do certame a mellorar	32
6.6 Aspectos a priorizar no certame	33
7. XURADOS	34
7.1 Cantidade de membros do xurado	34
7.2 Remuneración dos membros do xurado	35
7.3 Perfil dos membros do xurado	35
8. DIFUSIÓN E DISTRIBUCIÓN	37
8.1 Medios para difundir a convocatoria	37
8.2 Edición da obra gañadora	38
8.3 Distribución dos libros editados	39
8.4 Actividades para a promoción do autor	40
8.4.a Resultados agrupados segundo a temática (táboa)	40
8.4.b Resultados combinados (táboa)	41
8.5 Responsabilidade de promoción do libro premiado	41
9. CONCLUSIÓNS	43

1. PRESENTACIÓN

Os concursos literarios son unha práctica antiga en Galicia. Xa no século XVIII, cos Xogos Florais, producíase unha dinámica entre o colectivo de escritores que participaban coa finalidade de obterem recoñecemento para as súas obras. De feito, algúns protagonistas do Rexurdimento obtiveron premios nestes eventos. Aínda perviven algúns Xogos Florais, mais desde hai décadas véñense convocando outro tipo de certames que animan a creación poética en lingua galega.

Polo camiño foron quedando algúns premios que non perviviron por múltiples circunstancias. Outros mantéñense desde hai moito tempo. Outros nacen para abrir novas posibilidades á difusión da poesía. Todos, no seu conxunto, contribúen a dinamizar un sistema literario galego que ten na poesía unha das súas principais bases.

Este estudo pretende ollar o que están a facer os principais certames de poesía galega, que neste ano 2022 son case unha trintena, para obter conclusións que nos obriguen a reflexionar sobre os seus fins, as súas dinámicas, o seu valor para escritores e escritoras, sobre o que contribúe a fomentar a creación de novos lectores de poesía... E desas reflexións, o que desexamos é que servan para fomentar as boas prácticas, para non esquecermos que o importante é o fomento da escrita e da lectura de poesía na nosa lingua e para fornecer un modelo de convocatorias que xa deben mirar cara os modelos culturais desexables do segundo cuarto do século XXI.

Esta análise elabórase aproveitando a realización das xornadas *Os certames de poesía como motores dunha literatura propia* organizadas pola Deputación da Coruña o 9 de xuño de 2022 en Carral, no seu programa A cultura é un dereito. Formúlase como o documento de partida sobre o que reflexionar e debater para mellorar o deseño dos certames de poesía.

2. DESCRICIÓN DOS TRABALLOS REALIZADOS

Para a recompilación dos datos que ofrecemos no presente estudo convidouse a unha mostra representativa de concursos galegos de poesía en activo, con traxectoria e rigor, a responder a un cuestionario, incluíndo valoracións dos seus organizadores sobre aspectos tales como as súas características, niveis de participación ou cuestións organizativas, entre outros.

Durante o mes de abril de 2022, fíxose seguimento e recordatorios por correo electrónico e teléfono.

Finalmente, responderon ao cuestionario a maioría dos certames convidados, cunha porcentaxe de erro do 5% e un grao de confianza do 95% podemos determinar que esta mostra é representativa. En concreto obtivemos respostas dos seguintes **25 certames**:

Certame	Localidade	Organiza
Concello de Carral	Carral	Concello de Carral
Cidade de Ourense	Ourense	Concello de Ourense
De poesía erótica "Illas Sisargas"	Malpica	Asoc. Cultural Caldeirón
Xosemaría Pérez Parallé	Fene	Círculo Merc. e Ind. Unidade de Fene
Francisco Añón	Outes	Concello de Outes
Miguel González Garcés	A Coruña	Deputación da Coruña
Rosalía de Castro	Cornellá	Asoc. Cultural Galega Rosalía de Castro
Concello de Vilalba	Vilalba	Concello de Vilalba
Filomena Dato	Bergondo	Concello de Bergondo
Eduardo Pondal	Ponteceso	Medulia Editorial
Premio SELIC de Poesía	Santiago	Concello de Santiago
Eusebio Lorenzo Baleirón	Dodro	Concello de Dodro
Xosé M. López Ardeiro	Negreira	Concello de Negreira
Afundación	Vigo	Afundación e Centro Pen Galicia
Avelina Valladares	A Estrada	Concello de A Estrada
Johán Carballeira	Bueu	Concello de Bueu
Manuel Lueiro Rey	Fornelo de Montes	Concello de Fornelo de Montes
Torre de Caldaloba	Cospeito	Concello Cospeito e A. Martiño de Pino

Rosalía de Castro	Padrón	Concello de Padrón
Florencio Delgado Gurriarán	Valdeorras	Concello de Vilamartín de Valdeorras
Arume de poesía infantil	Vila de Cruces	Fundación Xosé Neira Vilas
Victoriano Taibo	Gondomar	Instituto de Estudos Miñoranos
Xosé M ^a Díaz Castro	Guitiriz	Concello de Guitiriz
Manuel Leiras Pulpeiro	Mondoñedo	Concello de Mondoñedo
Díaz Jácome	Mondoñedo	Concello de Mondoñedo

Os certames convidados, pero que non responderon foron:

Certame	Localidade	Organiza
Fiz Vergara Vilariño	Sarria	Asoc. Cultural Ergueitas
O Facho	A Coruña	Agrupaçom Cultural O Facho
Gonzalo López Abente	Muxía	Fundación Gonzalo López Abente

3. DATOS BÁSICOS DOS CERTAMES


3.1 EDICIÓNS REALIZADAS

3.1.a - LISTA (táboa) de certames ordeados por antigüidade

Cantas edicións leva realizadas o certame?	Reconto
Premio de poesía do Certame Literario do Concello de Vilalba	48
Premio de Poesía Cidade de Ourense	37
Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón	35
Rosalía de Castro da A.C.G.Rosalía de Castro (Cornellà)	35
Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé	34
Premio de Poesía Avelina Valladares	26
Certame Francisco Añón de poesía	26
Premio de Poesía Concello de Carral	25
Premio Johan Carballeira de poesía do Concello de Bueu	25
Premio de poesía Díaz Jácome para novos creadores	23
Premio Miguel González Garcés de poesía	21
Premio de Poesía Afundación	19
Certame de poesía erótica Illas Sisargas	16
Certame de poesía Victoriano Taibo de Gondomar	13
Premio de poesía Manuel Leiras Pulpeiro	11
Certame de poesía Xosé M. López Ardeiro	10
Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey	10
Certame Poético Rosalía de Castro	8
Premio de Poesía Xosé M ^a Díaz Castro.	6

Premios SELIC	5
Certame de Poesía Torre de Caldaloba	4
Premio de poesía Eduardo Pondal	4
Premio Poesía Florencio Delgado Gurriarán	3
Certame de poesía Filomena Dato	2
Premio Arume de Poesía para a Infancia	1


3.1.b - GRÁFICA de certames ordeados por antigüidade (orde descendente)



3.1.c - RESULTADOS AGRUPADOS EN TRAMOS DE 10 ANOS (táboa)

Cantas edicións leva realizadas o certame?	Reconto
1 a 10 edicións	10
11 a 20 edicións	4
21 a 30 edicións	6
31 a 40 edicións	4
41 a 50 edicións	1

3.1.d - RESULTADOS AGRUPADOS EN TRAMOS DE 10 ANOS (gráfica)




Como comprobamos nesta sección de datos referidos á antigüidade dos premios galegos de poesía, o 44% dos analizados teñen máis de 20 anos de convocatorias acumuladas, o cal supón un elevado nivel de consolidación e supervivencia.

Salienta a antigüidade do Premio Concello de Vilalba, que está a piques de chegar ao medio século de existencia, e a distancia temporal que o separa do certame Cidade de Ourense (9 anos), que é o segundo máis veterano de Galicia con 37 anos de antigüidade.

3.2 DESTINATARIOS (quen pode participar nos certames)

A quen está aberto o certame?	Reconto
Só Adultos	18
Adultos + Mocidade (de 12 a 18 anos) + Nenos (ata 12 anos)	4
Adultos + Mocidade (de 12 a 18 anos)	3




A maioría dos certames convócanse para a participación exclusiva de adultos, aínda que existen algúns que dispoñen de categorías para nenos e mozos. Na escolla dos certames para este estudo xa se tivo en conta o criterio de que foxen premios abertos a adultos, xa que son os que poden producir a edición comercial de poemarios.

Unha cuarta parte (28%) dos certames analizados dispoñen de categorías abertas a nenos e mozos.

3.3 NÚMERO DE VERSOS SOLICITADOS

3.3.a - DATOS AGRUPADOS (gráfica e táboa)



Que número de versos se solicitou na última edición?	Reconto
90 versos	1
100 versos	1
150 versos	2
200 versos	1
300 versos	5
350 versos	1
400 versos	3
500 versos	6
600 versos	1

3.3.b - LISTA de certames ordeados por nº de versos solicitados (táboa)

Na categoría de adultos, que número de versos se solicitou na última edición?	Reconto
Premio de Poesía Cidade de Ourense Premio Afundación	600
Premio de Poesía Concello de Carral Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón Certame de poesía Filomena Dato Premio de Poesía Xosé M ^a Díaz Castro. Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey XLVIII Premio de poesía do Certame Literario do Concello de Vilalba	500
Premio de Poesía Eduardo Pondal Premio Johan Carballeira de Poesía do Concello de Bueu Certame Poético Rosalía de Castro	400
Certame de poesía Xosé M. López Ardeiro	350
Premio de Poesía Avelina Valladares Premio "Miguel González Garcés" de poesía Premios SELIC Certame de Poesía Torre de Caldaloba Certame de poesía Victoriano Taibo de Gondomar	300
Certame Francisco Añón de poesía	200
Premio de poesía Díaz Jácome para novos creadores Premio de poesía Manuel Leiras Pulpeiro	150
Rosalía de Castro da A.C.G.Rosalía de Castro (Cornellà)	100
Premio Poesía Florencio Delgado Gurriarán	90

Hai 2 certames que non se agruparon na táboa xa que non solicitan un mínimo de versos. Algún deles especifica que a obra presentada debe constituír un libro, sen facer referencia a número de versos.

O número mínimo de versos solicitados pode vir condicionado pola necesidade ou non de obter como resultado un libro (un mínimo de 49 páxinas segundo determina a UNESCO) para que poida ser editado e comercializado como tal. Tamén se pode presupoñer un maior grao de exixencia na escrita poética cando o número de versos é maior e supón a construción dun libro, dependendo da estrutura que o autor ou autora lle dea ao poemario.

Dos 25 concursos consultados, 17 (71%) solicitan máis de 300 versos. No caso de 500 ou máis son 7 certames (33%).


3.4 OBRAS PRESENTADAS

3.4.a - LISTA de certames ordeados por nº de obras presentadas (táboa)

Cantas obras se presentaron a concurso na última edición?	Reconto
Rosalía de Castro da A.C.G. Rosalía de Castro (Cornellà)	130
Premio Poesía Florencio Delgado Gurriarán	126
XLVIII Premio de poesía do Certame Literario do Concello de Vilalba	90
Premio "Miguel González Garcés" de poesía	64
Certame Francisco Añón de poesía Premio Johan Carballeira de poesía do Concello de Bueu Premio Nacional de Poesía Xose María Pérez Parallé	57
Premio de Poesía Cidade de Ourense	56
Premio de poesía Manuel Leiras Pulpeiro	48
Premio de Poesía Concello de Carral	44
Certame de poesía Victoriano Taibo de Gondomar	42
Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey	40
Premio de poesía Afundación	38
Certame de poesía Filomena Dato	34
Certame de Poesía Xosé M. López Ardeiro	33
Certame de Poesía Torre de Caldaloba	32
Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón	30
Premios SELIC	27
Premio de poesía Díaz Jácome para novos creadores	25

Premio de Poesía Avelina Valladares	24
Premio Arume de Poesía para a Infancia	23
Premio de poesía Eduardo Pondal	21
Certame Poético Rosalía de Castro	20
Premio de Poesía Xosé M ^a Díaz Castro.	18
Certame de poesía erótica Illas Sisargas	17

3.4.b - RESULTADOS AGRUPADOS EN TRAMOS DE 30 (gráfica)




3.4.c - RESULTADOS AGRUPADOS EN TRAMOS DE 30 (táboa)

Cantas obras se presentaron a concurso na última edición?	Reconto
1 a 30	9
31 a 60	12
61 a 90	2
91 a 120	0
121 a 150	2

Concluimos destes datos que a metade (48%) dos certames teñen un índice de participación de entre os 31 e 60 poemarios. Resultan moi excepcionais niveis de participación que superen os 60 libros presentados a concurso.

3.5 PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OBRAS



Canto tempo se mantén aberto o prazo de presentación de obras ao certame?	Reconto
Entre 1 e 2 meses	3
Entre 2 e 3 meses	8
Máis de 3 meses	14

Ao consultar sobre o tempo que manteñen aberto o prazo de presentación de obras, o 56% dos certames superan os 3 meses. Os tempos amplos permiten unha maior capacidade para a difusión da convocatoria e posibilita aos escritores e escritoras un tempo maior para concluír e presentar os seus traballos.

3.6 ACTIVIDADES RELACIONADAS CO CERTAME

Preguntouse sobre o tipo de actividades que organizan vencelladas aos certames, coa

posibilidade de seleccionar múltiples respostas.

3.6.a - RESULTADOS (táboa)

Que tipo de actividades se organizan relacionadas co certame?	Reconto	Porcentaxe
Acto de entrega do premio	23	92%
Acto de presentación de libros gañadores	21	84%
Recitais	12	48%
Actividades musicais e/ou teatrais	6	24%
Obradoiros de poesía	4	16%
Actividades escolares relacionadas ca poesía	4	16%
Cea de convivio e proclamación dos gañadores	2	8%
Conferencias	1	4%
Homenaxe ao autor que lle dá nome ao premio	1	4%

3.6.b - RESULTADOS COMBINADOS (táboa)

Ao tratarse dunha pregunta de resposta múltiple, indicamos que se deron tres combinacións cunha frecuencia maior de 1 resultado. Son as seguintes:

Que tipo de actividades se organizan relacionadas co certame?	Reconto	Porcentaxe
Acto de entrega do premio + Acto de presentación de libros gañadores.	5	20%
Acto de entrega do premio + Acto de presentación de libros gañadores + Recitais.	5	20%
Acto de entrega do premio + Acto de presentación de libros gañadores + Obradoiros de poesía.	2	8%


Os actos de entrega do premio e a presentación dos libros gañadores son as actividades que realizan a maioría dos concursos. Os recitais organízanos a metade dos

certames consultados (entendendo nesta categoría aqueles recitais diferentes aos que realizan as persoas premiadas nos actos de entrega de premios ou presentacións dos libros). O resto de actividades xa son menos relevantes no conxunto analizado.

4. ORGANIZACIÓN

Nesta sección do estudo queremos obter información sobre as entidades e persoas organizadoras, así como sobre as posibles subvencións que apoian as convocatorias.

4.1 - TIPO DE ENTIDADE QUE CONVOCA



Que tipo de entidade convoca o certame? (no caso de que sexan máis dunha entidade, indícase aquela que asume maiores responsabilidades nas tarefas de organización)	Reconto
Concello	16
Fundación ou asociación	6
Editorial	2
Deputación provincial	1

Os concellos destácanse como os organizadores dos premios de poesía, supoñendo un 64% do total, seguidos de entidades como fundacións ou asociacións (24%). Sumando concellos e deputacións conclúese que o 68% dos certames organizanse desde a administración pública.

4.2 - PERFIL DA PERSOA COORDINADORA




Cal é o perfil da persoa que se encarga da organización efectiva do certame? (escollendo a opción que mellor o define)	Reconto
Xestor/a cultural	14
Escritor/a	4
Xornalista	2
Editor/a	2
Profesor/a	1
Técnico de Turismo	1
Traballador/a de Lingua e Literatura	1

4.3 PATROCINIOS




9. O certame recibe patrocinios?	Reconto
Non	20
Si	5

4.4 SUBVENCIONES




O certame recibe subvencions?	Reconto
Non	15
Si	10

4.4.1 ENTIDADE QUE CONCEDE A SUBVENCIÓN




Que entidade concede as subvencións?	Reconto
Xunta de Galicia	4
Concello	3
Deputación	3

4.4.2 DESTINO DA SUBVENCIÓN



A que se destina principalmente a subvención?	Reconto
Ao premio económico	5
Ao premio económico e á edición da obra gañadora	1
Á edición da obra gañadora	1
Ao premio e organización	2

4.4.3 PESO DA SUBVENCIÓN NO ORZAMENTO



Que porcentaxe aproximada do orzamento do certame se financia coas subvencións?	Reconto
Ata un 10%	1
do 21 ao 30%	1
Do 31 ao 40%	1
Do 41 ao 50%	2
Do 61 ao 70%	1
Do 91 ao 100%	4

No que atinxe ao perfil das persoas que teñen a responsabilidade de levar a cabo a organización de cada concurso, máis da metade das respostas (56%) indicaron que son xestores ou xestoras culturais, sendo a categoría seguinte a de escritor ou escritora. Este resultado ten coherencia co que especifica que son os concellos os que organizan un maior número de premios, o que presupón que son os profesionais dos seus departamentos de Cultura os que asumen as funcións organizativas.


Ao analizarmos se os concursos contan con ingresos económicos externos que lles axuden ao desenvolvemento do certame (patrocinios e subvencións), compróbase que os patrocinios son minoritarios, con tan só unha quinta parte (20%) que gozan do apoio económico de entidades privadas. Pola contra son un 60% os que reciben subvencións desde organismos públicos, que na súa maioría (60%) destinan só ao premio económico, mentres que un 22% dos que reciben axudas públicas tamén as aproveitan para os aspectos organizativos. Hai que advertir que un dos certames non contestou a que dedican a subvención (apunta a persoa que contesta o formulario que descoñece ese dato), polo que non coinciden a cifra do total de concursos subvencionados (10) co número de respostas sobre a finalidade da axuda (9).

Das respostas que se obtiveron sobre o peso que a subvención ten no orzamento do certame, obsérvase o dato de que un 40% utiliza a subvención para atender entre o 91 e o 100% do orzamento, o cal supón unha moi elevada ou total dependencia das subvencións para poder desenvolver o certame.

5. PREMIOS


Nesta sección analizamos os premios que conceden os certames galegos de poesía, tendo en conta factores como o tipo de premios, o número de premios que concede cada convocatoria e os importes económicos.

5.1 TIPO DE PREMIO



Que tipo de premio se concedeu na última edición?	Reconto
Económico + edición comercial por parte dunha editorial do poemario gañador	16
Só Económico	6
Económico + edición para distribución gratuita do poemario gañador	1
Só a edición comercial por parte dunha editorial do poemario gañador	1
Económico + edición para distribución gratuita do poemario gañador + edición comercial por parte dunha editorial do poemario gañador	1

5.2 CANTIDADE DE PREMIOS QUE SE REPARTEN



Cantos premios se conceden en cada edición?	Reconto
Un único premio	16
Un premio máis accésits	6
Varios premios	3

Case a totalidade dos certames valorados premian os libros gañadores cun premio económico. Só o certame Eduardo Pondal ten como premio exclusivo a edición comercial da obra gañadora. O habitual na meirande parte dos certames (64%) é que teñan premio económico e a edición do poemario gañador por parte dunha editorial que o distribúe comercialmente.


Tamén son unha clara maioría (64%) os que teñen un premio único por edición, mais son significativos (24%) aqueles que tamén contan con accésits. Minoría (12%) son os que teñen fixados máis dun premio nas súas bases.

5.3 CONTÍA DOS PREMIOS

5.3.a - LISTA de certames ordeados por contía do premio principal (táboa)

No caso de premio económico, cal foi a contía en euros do último premio?	Importe
XLVIII Premio de poesía do Certame Literario do Concello de Vilalba	7.000
Premio "Miguel González Garcés" de poesía	6.500
Premio de Poesía Afundación Premio de Poesía Cidade de Ourense Premios SELIC	6.000
Certame de poesía Victoriano Taibo de Gondomar	4.000
Premio de Poesía Concello de Carral	3.500
Premio Poesía Florencio Delgado Gurriarán Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé	3.000
Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón Certame de poesía Xosé M. López Ardeiro Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey	2.500
Premio de Poesía Avelina Valladares Certame de poesía Filomena Dato Premio de Poesía Xosé M ^a Díaz Castro.	2.000
Certame de poesía erótica Illas Sisargas Premio de poesía Díaz Jácome para novos creadores Certame Francisco Añón de poesía Premio Johan Carballeira de poesía do Concello de Bueu Premio de poesía Manuel Leiras Pulpeiro Certame Poético Rosalía de Castro Certame de Poesía Torre de Caldaloba	1.500
Rosalía de Castro da A.C.G.Rosalía de Castro (Cornellà)	1.400
Premio Arume de Poesía para a Infancia	1.000
Premio de Poesía Eduardo Pondal	0

5.3.b. - RESULTADOS AGRUPADOS EN TRAMOS DE MIL (gráfica)



5.3.c. RESULTADOS AGRUPADOS EN TRAMOS DE MIL (táboa)

No caso de premio económico, cal foi a contía en euros do último premio?	Reconto
1000-2000 euros	12
2001-3000 euros	5
3001-4000 euros	2
5001-6000 euros	3
6001-7000 euros	2

En Galicia a maioría dos certames de poesía teñen un premio económico igual ou inferior aos 2000 euros (50%), habendo só 5 concursos que teñen 6000 euros ou máis de premio.


Resultará de interese agrupar os certames na mesma táboa indicando o número de edición, a dotacións dos premios, os versos solicitados e o traballos presentados na última edición:

Certame	Nº edicións	Premio €	Versos solicitados	Obras presentadas
Premio de poesía do Concello de Vilalba	48	7.000€	500	90
Premio de Poesía Cidade de Ourense	37	6.000€	600	56
Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón	35	2.500€	500	30
Rosalía de Castro da A.C.G. R. de Castro (Cornellà)	35	1.400€	100	130
Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé	34	3.000€	Sen mínimo	57
Premio de Poesía Avelina Valladares	26	2.000€	300	24
Certame Francisco Añón de poesía	26	1.500€	200	57
Premio de Poesía Concello de Carral	25	3.500€	500	44
Premio Johan Carballeira de poesía de Bueu	25	1.500€	400	57
Premio Díaz Jácome para novos creadores	23	1.500€	150	25
Premio Miguel González Garcés de poesía	21	6.500€	300	64
Premio de Poesía Afundación	19	6.000€	600	38
Certame de poesía erótica Illas Sisargas	16	1.500€	Sen mínimo	17
Certame de poesía Victoriano Taibo de Gondomar	13	4.000€	300	42
Premio de poesía Manuel Leiras Pulpeiro	11	1.500€	150	48
Certame de poesía Xosé M. López Ardeiro	10	2.500€	350	33
Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey	10	2.500€	500	40
Certame Poético Rosalía de Castro	8	1.500€	400	20
Premio de Poesía Xosé Mª Díaz Castro	6	2.000€	500	18
Premios SELIC	5	6.000€	300	27
Certame de Poesía Torre de Caldaloba	4	1.500€	300	32
Premio de poesía Eduardo Pondal	4	0€	400	21
Premio Poesía Florencio Delgado Gurriarán	3	3.000€	90	126
Certame de poesía Filomena Dato	2	2.000€	500	34
Premio Arume de Poesía para a Infancia	1	1.000€	350	23

6. OBXECTIVOS E AVALIACIÓN

Preguntóuselles aos certames participantes no estudo sobre os obxectivos que teñen definidos cos seus premios poéticos e se valoraban a súa consecución con algún sistema de avaliación.

6.1 OBXECTIVOS PRINCIPAIS




Sinalar os tres principais obxectivos que persegue o certame.	Reconto
Promoción e apoio da literatura galega (poesía)	19
Homenaxe/promoción do autor ou sitio que dá nome ao certame	14
Promover a lingua e cultura galega	8
Incentivar a novos autores	7
Dinamización cultural da zona ou entidade	5
Promocionar a creación literaria en galego nas novas xeracións	4

Ao preguntar polos obxectivos formulados por cada certame, o tipo de respostas que se obtiveron foron moi xerais e que encaixarían probablemente con calquera actividade

cultural que se realizara vencellada á literatura galega. As máis escollidas polas persoas que atenderon os cuestionarios foron a da promoción da literatura galega e a de homenaxear o lugar ou persoa que lle dá nome ao certame.

6.2 USO DE SISTEMAS DE AVALIACIÓN



Uso dalgún sistema de avaliación para valorar a consecución dos obxectivos?	Reconto
Si	4
Non	21

6.3 TIPOS DE SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Plantexóuselles unha pregunta aberta aos certames que indicaron que si avaliaban para que fixeran unha breve descrición.

Descrición do sistema de avaliación
<i>Non se trata dun sistema técnico pero ao incluír ao CEIP implicamos as familias e tamén no acto observamos a afluencia de xente que asiste, xa que facemos unha ampla divulgación nos medios e redes.</i>


Análises cuantitativas de indicadores de participación, procedencia das obras, de autores e autoras premiadas... e cualitativas sobre o impacto en medios de comunicación e redes sociais, sobre actos de presentación, referencias na crítica literaria... De xeito ocasional realízanse enquisas para profundar nos datos.

Temos unha xuntanza co xurado responsable do veredicto, onde falamos da calidade, cantidade de poemarios presentados en cada edición e evolución do certame.

Na valoración que nos fan chegar os membros do xurado. No volume de participación das edicións. En conversas privadas coas persoas gañadoras.

En primeiro lugar é salientable o dato de que sexan tan só 4 certames os que levan a cabo algún tipo de avaliación. Está en liña co que acontece en Galicia con calquera tipo de actividade ou iniciativa cultural. E observando as respostas sobre os procesos de avaliación, é doado caer na conta de que boa parte dos modelos explicados son informais e non miden a consecución dos obxectivos plantexados.

6.4 SATISFACCIÓN CON RELACIÓN AOS OBXECTIVOS



Cal é o nivel de satisfacción na consecución dos obxectivos? (Resultados nunha escala de 1 a 5)	Reconto	Porcentaxe
Un (1)	0	0 %
Dous (2)	0	0 %

Tres (3)	1	4 %
Catro (4)	17	68 %
Cinco (5)	7	28 %

En canto ao nivel de satisfacción na consecución dos obxectivos, os certamen amósanse bastante satisfeitos, marcando as opcións posibles máis elevadas.

6.5 ASPECTOS DO CERTAME A MELLORAR

Nesta sección recompilamos as respostas sobre aspectos a mellorar e a priorizar nas vindeiras edicións dos certames.

En que aspectos cres que pode mellorar o voso certame?	Reconto	Porcentaxe
Na dotación económica do premio	15	60%
Na remuneración dos xurados	13	52%
Na participación nas actividades vencelladas ao certame	12	48%
Na participación no certame (número de participantes)	9	36%
Na distribución do libro gañador	7	28%
No sistema de avaliación do certame	7	28%
Na captación de subvencións ou patrocinios	5	20%
Na edición do libro gañador	4	16%
No xeito de participación do certame (envío de obras)	4	16%
Aspectos de sustentabilidade	4	16%
Na comunicación da convocatoria	3	12%
Na comunicación do resultado do certame	3	12%
Na configuración dos xurados	2	8%
En asuntos relacionados ca igualdade de xénero	2	8%
Na chegada do certame aos veciños do concello	1	4%

6.6 ASPECTOS A PRIORIZAR NO CERTAME


Cales son os aspectos que cres que deben priorizarse nas futuras convocatorias do voso certame?	Reconto	Porcentaxe
Traballar coordinadamente con outros certames de poesía	15	60%
Aumentar os niveis de asistencia de público aos actos do certame	12	48%
Dotación económica axeitada á calidade do premio	11	44%
Visibilidade dos autores/as premiadas	9	36%
A distribución dos libros premiados	8	32%
Máis financiamento para o certame	8	32%
Establecer mecanismos de avaliación dos impactos do certame	8	32%
Comunicación ben planificada	6	24%
Facilitar en maior medida a participación no certame	5	20%
Igualdade de xénero e sustentabilidade	2	8%
Respecto polos dereitos de autor dos participantes	1	4%
Formato de presentación de orixinais e xestión do xurado	1	4%
Calidade da edición do libro premiado	0	0%

Das anteriores táboas podemos deducir que entre os temas que máis inquedan aos organizadores dos concursos están o da dotación económica do premio, a remuneración dos xurados e o aumento de público nas actividades vencelladas. É significativo que se indique como primeira prioridade para traballar no futuro o facelo de xeito coordinado con outros premios, xa que ata o momento apenas teñen existido iniciativas nese sentido e é un dos obxectivos que ten a xornada na que se presenta este estudo: iniciar un proceso de coordinación e colaboración entre certames galegos.

7. XURADOS


No cuestionario que atenderon desde os concursos, incluíronse unha serie de preguntas relacionadas cos xurados. Preséntanse a continuación os resultados das respostas.

7.1 Cantidade de membros do xurado



Cantos membros do xurado valoraron a calidade literaria das obras presentadas na última edición? (excluír membros que unicamente presiden ou levantan acta)	Reconto
3	8
4	3
5	12
6 ou máis	2

7.2 Remuneración dos membros do xurado



Na última edición remunerouse economicamente aos membros do xurado? (non se inclúen as axudas de custo para desprazamentos)	Reconto
Si	13
Non	12

7.3 Perfil dos membros do xurado



Con respecto ao perfil das persoas que forman o xurado (indique un máximo de 3 opcións)	Reconto	Porcentaxe
Poetas	19	76%
Críticos de literatura	16	64%
Escritores/as doutro xénero	12	48%
Profesorado especializado	11	44%
Editores/as	4	16%
Lectores/as de poesía (non incluídos nas anteriores opcións)	3	12%
Xornalistas especializados en cultura	2	8%
Técnicas/os de normalización lingüística	1	4%

Hai que indicar que referímonos a membros do xurado que valoran a calidade literaria das obras e escollen os poemarios gañadores. Non nos referimos neste apartado a outros membros que completan os xurados, como poden ser quen asume a presidencia e a secretaría, que polo xeral o fan sen voto na deliberación.


Das respostas facilitadas comprobamos que a metade dos certames (48%) contan con xurados de 5 membros, mentres que con 3 membros son un terzo (32%) do total. En canto á cuestión sobre si remuneran aos xurados ou non, practicamente as respostas repártense á metade, cunha leve superioridade do número de certames que si pagan.

En canto ao perfil dos xurados, o habitual é atopar poetas, críticos e escritores doutros xéneros. Tamén é significativa a participación de profesorado especializado na materia literaria.

8. DIFUSIÓN E DISTRIBUCIÓN

Nesta sección recompilamos os datos sobre os medios que utilizan para a difusión da información sobre os premios, sobre a edición e a promoción das obras gañadoras e sobre outro tipo de actividades que acompañan aos certames.

8.1 MEDIOS PARA DIFUNDIR A CONVOCATORIA



Que medios empregades para darlle difusión á convocatoria?	Reconto	Porcentaxe
Redes sociais	24	96%
Notas de prensa	22	88%
Webs propias da organización	20	80%
Folletos e/ou carteis impresos	13	52%
Webs especializadas	10	40%
Publicidade en medios de comunicación	9	36%
Publicidade na rede (agás medios)	7	28%


Boletíns oficiais	6	24%
Newsletter	2	8%
Mailing	1	4%
Envío postal a centros de ensino e Concellos galegos	1	4%

8.2 EDICIÓN DA OBRA GAÑADORA



No caso de edición da obra gañadora, como se edita o libro?	Reconto
Por parte dunha editorial	19
Edición con recursos propios	5
Por parte dunha imprenta pública (ex. Deputación)	3

8.3 DISTRIBUCIÓN DOS LIBROS EDITADOS



Existe distribución comercial dos libros editados?	Reconto
Si	20
Non	5

8.4 ACTIVIDADES PARA A PROMOCIÓN DO AUTOR

8.4.a RESULTADOS AGRUPADOS SEGUNDO A TEMÁTICA (táboa)



Que tipo de actividades realizadas para a promoción do autor/a e o libro premiado despois do acto de entrega do premio e de presentación do libro?	Reconto	Porcentaxe
Difusión de información detallada en redes sociais	14	56%
Promoción en medios de comunicación	11	44%
Actos literarios relacionados ca poesía	10	40%
Presentacións en librarías ou ferias do libro	9	36%
Promoción entre a crítica literaria	7	28%
A organización do certame non realiza ningún tipo de actividade de promoción	4	16%
Presentacións en asociacións e/ou centros escolares	3	12%
Editanse os premiados na revista propia da entidade	1	4%

8.4.b RESULTADOS COMBINADOS (táboa)

Ao tratarse de resposta múltiple, sinalamos aquelas combinacións nas que polo menos dous (2) certames coincidiron:

Que tipo de actividades realizades para a promoción do autor/a e o libro premiado despois do acto de entrega do premio e de presentación do libro?	Reconto	Porcentaxe
A organización do certame non realiza ningún tipo de actividade de promoción (como única resposta)	4	16%
Actos literarios relacionados coa poesía + Presentacións en librarías e/ou feiras do libro + Presentacións en asociacións e/ou centros escolares/ Difusión de información detallada en redes sociais + Promoción en medios de comunicación + Promoción entre a crítica literaria	2	8%
Difusión de información detallada en redes sociais + Promoción en medios de comunicación	2	8%

8.5 RESPONSABILIDADE DE PROMOCIÓN DO LIBRO PREMIADO



Quen consideras que debe asumir a responsabilidade de promoción do libro premiado e do seu autor/a?	Reconto
A editorial que publica o libro	14
A organización do certame	10
Non creo que sexa importante facer máis promoción despois da entrega do premio e presentación do libro por parte do certame	1

Son bastante coincidentes os certames ao indicar os medios que máis usan para a difusión das convocatorias, sendo as redes sociais o máis indicado (96%), as notas de prensa (88%) e a través dos sitios web dos que dispón cada entidade convocante para difundir a súa información (80%). Na metade dos concursos pervive a impresión de folletos e carteis, mentres que a publicidade só a contratan 9 dos concursos consultados (36%).

En canto á edición da obra gañadora, o habitual é que o fagan editoriais que logo distribúen comercialmente as obras. Da venda en librarías dos libros premiados beneficianse o 80% dos certames.

Ao responderen sobre as accións que levan a cabo os certames para promocionar os libros gañadores, a maioría volta a citar as redes sociais, seguida da promoción en medios de comunicación e a realización de actos literarios. Mais hai certames que apuntan que non realizan ningún tipo de actividade para promocionar os poemarios premiados.

Sobre a pregunta de quen consideran que deba asumir a promoción dos libros premiados, un 56% indica que as editoriais, mentres que un 40% sinala aos certames.

9. CONCLUSIONES

Vistos todos os datos, podemos indicar algunhas conclusións que poden resultar de relevancia na revisión do modelo de certames que se están a convocar na actualidade en Galicia:

Existe en Galicia un conxunto salientable de certames poéticos ben consolidados con traxectorias que superan os 20 anos de existencia.

A suma de obras presentadas á última edición dos concursos analizados é de 1039, o que supón unha media de 41,56 libros por certame.

A entrega do premio e a presentación do libro gañador son os tipos de actos que fan a meirande parte dos certames, sendo residual outro tipo de actividades vencelladas ao premio.

A maioría dos certames galegos están organizados por concellos.

A organización efectiva das convocatorias corre a cargo, na súa maioría, de profesionais da xestión cultural.

Os patrocinios apenas existen nos premios de poesía e as subvencións tampouco son un recurso habitual para financiar os certames.

O principal destino das subvencións que se lles conceden aos certames de poesía é atender o premio económico.

Dos concursos que reciben subvencións, poderíase entender que a metade teñen unha forte dependencia delas para desenvolver a convocatoria.

A meirande parte dos certames premian cun galardón económico e a edición da obra por parte dunha editorial que a distribuirá comercialmente.

Tendo en conta as últimas convocatorias dos certames estudados, repartíronse 71.400 € en premios.

Como obxectivo no que coinciden a maioría dos certames está o de apoiar a literatura galega. Outro grupo numeroso coinciden en que perseguen homenaxear ou promocionar a quen lle dá nome ao premio ou o concello que o convoca. Nambos dous casos son obxectivos moi xerais, ambíguos e difíciles de medir. En ningún caso se fai referencia aos potenciais receptores da poesía premiada.

Practicamente son inexistentes sistemas fiables que avalíen a consecución de obxectivos.

Detéctase a necesidade de mellorar a contía económica dos premios, de remunerar axeitadamente aos xurados e de mellorar os índices de asistencia de público aos actos dos certames.

As persoas responsables da organización dos certames indican como a principal prioridade a atender no futuro a de traballar coordinadamente con outros premios.

A metade dos certames non remuneran o traballo dos xurados.

As editoriais son as que asumen na maioría dos premios a responsabilidade de editar e distribuír o libro gañador.

Os certames non organizan máis aló dos actos habituais de entrega do premio e presentación do libro, actividades que propicien unha maior difusión do poemario premiado. Os datos obtidos suxiren que debe ser un traballo coordinado da organización do certame e da editorial.

Estas conclusións deberan contribuír á reflexión para o deseño de modelos de certames que teñan un maior impacto na creación poética en lingua galega, que posibilite o aumento de lectores de poesía e que se axusten mellor ás expectativas socioculturais desexables para o segundo cuarto do século XXI.